


ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020



CENTRO: IES MONTE CASTELO
CURSO: 1º BACHARELATO
MATERIA: INGLÉS I
DEPARTAMENTO: INGLÉS
DATA: 11/05/2020



ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación

Estándar de aprendizaxe

BLOQUE 1 – COMPRESION DE TEXTOS ORAIS

B1.1 Estratexias de comprensión: mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema; identificación do tipo de escoita necesario para realizar a tarefa; identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el; distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais e detalles relevantes); formulación de hipóteses sobre contido e contexto; inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos; reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.

B1.2. Recoñecemento dos marcadores conversacionais máis comúns: verificadores, expresivos, apelativos e fácticos.

PLEB 1.2. Comprende instrucións técnicas, dadas cara a cara ou por outros medios, relativas á realización de actividades e normas de seguridade no ámbito persoal, público, educativo ou ocupacional.

PLEB 1.4. Comprende as ideas principais e detalles relevantes dunha presentación, charla ou conferencia que verse sobre temas do seu interese ou da súa especialidade, sempre que o discurso estea articulado de maneira clara e en lingua estándar.

PLEB 1.6. Identifica os puntos principais e detalles relevantes dunha conversa formal ou informal de certa duración entre dúas ou máis persoas interlocutoras, que se produce ao seu redor, sempre que as condicións acústicas sexan boas, o discurso estea estruturado e non se faga un uso moi idiomático da lingua.

BLOQUE 3 – COMPRESIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

B3.1. Estratexias de comprensión: mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema a partir da información superficial e paratextual; identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa; distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais, detalles relevantes); identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el; formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto; inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais; identificación das palabras clave; recoñecemento da información esencial; supresión de informacións pouco relevantes; revisión e recapitulación continua e autointerrogación sobre a comprensión.

PLEB 3.1. Nas actividades de aula, explica como utiliza diferentes estratexias para comprender o texto, como a identificación da intención comunicativa, a anticipación da información a partir dos elementos textuais e non textuais, o uso do contexto, a aplicación de regras de formación de palabras para inferir significados ou o apoio na organización da información e no tipo de texto.

PLEB 3.3. Entende, en manuais, enciclopedias e libros de texto, información concreta para a resolución de tarefas da clase ou traballos de investigación relacionados con temas da súa especialidade, así como información concreta relacionada con cuestións prácticas ou con temas do seu interese, en páxinas web e outros textos informativos oficiais ou institucionais.

PLEB 3.4. Comprende instrucións dunha certa extensión e complexidade dentro da súa área de interese, sempre que poida volver ler as seccións difíciles.

BLOQUE 4 – PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

B4.1. Estratexias de produción: planificación (procurar e usar adecuadamente recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda); execución (elaborar un borrador; estruturar o contido do texto; organizar o texto en parágrafos abordando en cada un unha idea principal e entre todos conformar o significado ou idea global deste; considerar as propiedades textuais de coherencia, cohesión e adecuación; expresar a mensaxe con claridade

PLEB 4.1. Escribe, en calquera soporte, informes breves nos que dá información pertinente sobre un tema educativo, ocupacional, ou menos habitual, describindo co detalle suficiente situacións, persoas, obxectos e lugares; narrando acontecementos nunha secuencia coherente; explicando os motivos de certas accións, e ofrecendo opinións e suxestións breves e xustificadas sobre o asunto.

PLEB 4.2. Nas tarefas de expresión escrita, produce habitualmente textos coherentes, con cohesión e adecuados

axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto; reformular a tarefa; apoiarse en sacar o máximo partido dos coñecementos previos.

B4.2. Incorporar estruturas sintáctico-discursivas.

B4. 3. Utilizar léxico escrito común e máis especializado (produción), dentro das propias áreas de interese nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional, relativo á descrición de persoas e obxectos, tempo e espazo, estados, eventos e acontecementos, actividades, procedementos e procesos; relacións persoais, sociais, educativas e profesionais; educación e estudo; traballo e emprendemento; bens e servizos; lingua e comunicación intercultural; ciencia e tecnoloxía; historia e cultura.

B4.4. Revisión: identificar problemas, erros e repeticións; prestar atención ás convencións ortográficas e asos signos de puntuación; realizar a escritura definitiva; presentar o texto de forma coitada (marxes, limpeza, uso normativo de maiúsculas e minúsculas, etc.)

aos fins funcionais, con razoable corrección tanto ortográfica como de puntuación, e na presentación do escrito (marxes, espazos de interliña, uso de maiúsculas e minúsculas, etc.)

PLEB 4.5. Toma notas, facendo unha lista dos aspectos importantes, durante unha conferencia sinxela, e redacta un breve resumo coa información esencial, sempre que o tema sexa coñecido e o discurso se formule dun modo sinxelo e se articule con claridade.

PLEB 4.6. Escribe notas, anuncios, mensaxes e solicita información relevante e opinións sobre aspectos persoais e educativos, respectando as convencións e as normas de cortesía.

BLOQUE 5 – COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA PLURILINGÜE E INERCULTURAL

B 5.1.Coñecer os patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación: discriminación e uso dos trazos fonéticos que distinguen fonemas; recoñecemento e produción de unidades maiores do nivel fónico (secuencia acentual das palabras); recoñecemento e uso comprensible dos elementos prosódicos (acento, ritmo e entoación das oracións); recoñecemento de palabras e frases de uso coloquial común emitidas con procedementos básicos de redución fonética.

B5.3.Patróns gráficos e convencións ortográficas de palabra, da oración e do enunciado (punto, coma, punto e coma, comiñas,paréntese, signos de interrogación, de exclamación, puntos suspensivos e guión).

B5.4.Aplicar os coñecementos morfosintácticos e discursivos: recoñecemento e uso de elementos morfosintácticos que permiten recoñecer, formular e organizar distintos tipos de texto; recoñecemento e uso de elementos, categorías, clases, estruturas, procesos e relacións gramaticais habituais en distintos tipos de discurso.

B5.7.Comprender e utilizar estruturas sintáctico-discursivas propias de cada idioma.

B5.9.Léxico: recoñecemento e uso do léxico común e máis especializado; recoñecemento e uso de expresións fixas frecuentes, colocacións, frases feitas e léxico propio de temas relativos a feitos de actualidade; recoñecemento e uso de antónimos e sinónimo, de procedementos de formación de palabras e recoñecemento de "falsos amigos"

PLEB 5.2. Utiliza as normas ortográficas sen erros moi significativos e para estruturar o texto, ordenar as ideas e xerarquizarlas en principais e secundarias.

PLEB 5.5. Coñece algúns aspectos significativos históricos xeográficos e de produción cultural dos países onde se fala a lingua estranxeira, obtendo a información por diferentes medios, entre eles a biblioteca, internet e outras tecnoloxías da información e da comunicación.

PLEB 5.7. Exprésase oralmente e por escrito, en diferentes soportes, con certa densidade léxica, evitando repeticións innecesarias co uso de sinónimos e palabras de significado próximo, e recoñece un léxico máis especializado se conta con apoio visual ou contextual.

CONTIDOS CORRESPONDENTES A FUNCIÓN LINGÜÍSTICAS, GRAMÁTICA E VOCABULARIO (Bloque 5)

PARTE PRESENCIAL			PARTE NON PRESENCIAL (Contidos de ampliación)		
FUNCIÓNS	GRAMÁTICA	VOCABULARIO	FUNCIÓNS	GRAMÁTICA	VOCABULARIO
<p>-Expresión dos gustos e das preferencias.</p> <p>-Facer e responder suxerencias</p> <p>-Dar opinións</p>	<p>-Presente simple, presente continuo, <i>state verbs</i>.</p> <p>-Presente perfecto simple, presente perfecto continuo.</p> <p>-Adverbios de frecuencia</p> <p>-Comparativos e superlativos</p> <p>-Pasado simple, pasado continuo, pasado perfecto. Pasado simple e presente perfecto simple.</p> <p>- Used to / would.</p> <p>-Expresión do tempo futuro (<i>will/ going to/ present simple and pr. continuous</i>). Expresión do aspecto (<i>future continuous/ perfect</i>). Expresión da intención (<i>present continuous</i>).</p> <p>-Uso do xerundio e o infinitivo</p> <p>-Verbos modais</p> <p>-Pronomes relativos e oracións de relativo</p>	<p>- Tempo libre</p> <p>-Conectores: <i>and, but, because, because of, so</i></p> <p>-Uso de conectores (<i>cause and effect; addition and contrast</i>).</p> <p>-Deportes</p> <p>-Literatura</p> <p>-Phrasal verbs</p> <p>-Sufijos</p> <p>-Prefixos negativos</p> <p>-Adxectivos</p> <p>-Conectores (<i>addition and contrast</i>)</p> <p>-Música</p> <p>(<i>-ed/-ing</i>) adxectivos</p> <p>-O medio ambiente</p> <p>-Be used to/ Get used to</p>		<ul style="list-style-type: none"> • Oracións condicionais • Pasiva • <i>Have Something Done</i> 	<ul style="list-style-type: none"> • Ciencia • Sufijos nominais (<i>-ist, -er, -ian</i>)

2. Avaliación e cualificación

A avaliación e cualificación adáptase tendo en consideración que se realizará sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre e cando beneficie ao alumnado. Para a concreción dos criterios de avaliación e cualificación teranse en conta as aprendizaxes e competencias imprescindibles anteriormente identificados.

<p>Avaliación</p>	<p>Procedementos e Instrumentos: PARTE PRESENCIAL: os establecidos na Programación do Dpto. PARTE NON PRESENCIAL: exercicios correspondentes ás distintas destrezas (excepto a oral) e de distinta tipoloxía.</p>
<p>Cualificación final</p>	<p>A) Alumnado coa 1ª e 2ª avaliacións aprobadas:</p> <ul style="list-style-type: none"> - PARTE PRESENCIAL: Nota media da 1ª e 2ª avaliacións OU nota da 2ª avaliación, a que máis favoreza a cada alumno. - PARTE NON PRESENCIAL: Todas as tarefas entregadas e valoradas polo profesor poderán sumar ata 2 puntos (20%) á nota obtida na parte presencial, desglosado do seguinte modo: <ul style="list-style-type: none"> - 5%: polo cumprimento dos prazos e número de actividades solicitadas polo profesor, seguindo estes criterios: <ul style="list-style-type: none"> • 5% se entregou todas as tarefas no prazo e forma indicados polo profesor. • 2.5% se entregou algunha tarefa fóra do prazo ou se tivo erros de forma por non ler correctamente as instrucións. • 0% se a norma foi a entrega fóra de prazo ou se non entregou máis do 60% das tarefas solicitadas. -15%: nota media da avaliación das distintas actividades, tests, etc... <p>B) Alumnado coa 1ª e/ou 2ª avaliación suspensas:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Terá que recuperar as avaliacións suspensas mediante as actividades e/ou probas de recuperación que lle comunique o profesor. - A nota final obterase do xeito que máis beneficie ao alumnado: <ul style="list-style-type: none"> • Sumando a nota da parte <u>presencial</u> e <u>non presencial</u> (como no apartado A) • Collendo a nota media das actividades de recuperación. Neste caso, a cualificación final non poderá ser superior a 5 puntos, en atención á imposibilidade de certificar a autoría das actividades e/ou probas e as vantaxosas condicións de realización das mesmas con respecto das probas feitas na etapa presencial. <p>Todo alumno que non acade unha puntuación de 5 ou superior terá que presentarse á convocatoria extraordinaria de setembro.</p>
<p>Proba extraordinaria de setembro</p>	<p>Aqueles alumnos que non logren o aprobado en xuño deberán presentarse a unha Proba Presencial se as circunstancias o permiten. No caso de non poder realizarse unha proba presencial, o alumnado será convocado a unha Proba Telemática que se realizará a través da Aula Virtual, do correo electrónico ou ben a través de videoconferencia no día e hora establecidos pola Dirección do centro.</p> <p>En ambos casos, a proba axustarase ao que consta na Programación do Dpto, é dicir, será unha Proba Escrita na que se incluírán contidos dos bloques 1, 3 e 5: comprensión lectora, produción de textos escritos e exercicios de gramática e vocabulario. Todos os contidos a avaliar serán os vistos na 1ª e 2ª avaliación, é dicir, os vistos na parte presencial.</p>



3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<p>Actividades</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Recuperación: exercicios de vocabulario, gramática, comprensión de textos orais e escritos e expresión escrita do libro de texto e do Workbook, de fichas para entregar ou actividades da aula virtual. - Repaso e reforzo: exercicios de distinta tipoloxía tanto do libro e do workbook como fichas proporcionadas polo profesor - Ampliación: actividades relacionadas con contidos de gramática a través de fichas proporcionadas polo profesor logo de proporcionarlles unha explicación teórica.
<p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</p>	<p>Durante a PARTE NON PRESENCIAL a metodoloxía a empregar é a seguinte:</p> <p>O profesor envía con antelación por email o planning coas actividades que os alumnos deben realizar así como o prazo de tempo que teñen para facelas e entregalas.</p> <p>Utilízase tamén a vía do email e/ou videoconferencia para aclararlles calquer dúbida que lles poida surxir mentres están a realizar as actividades.</p> <p>Unha vez enviadas ó profesor, este corríxeas e envíallelas coas correccións e feedback correspondentes.</p> <p>Unha videoconferencia semanal co grupo para aclarar dúbidas ou correxir actividades.</p>
<p>Materiais e recursos</p>	<p>Aula Virtual do centro</p> <p>Libro de Texto: <i>Initiative1</i> (Student's Book e Workbook); editorial Macmillan.</p> <p>Acceso ó libro dixital proporcionado pola editorial para que os alumnos poidan realizar as actividades de listening.</p> <p>Fichas e outros materiais elaborados e/ou seleccionados polo profesor.</p> <p>Plataforma CISCO EDUXUNTA.WEBEX</p>



4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	O profesorado informará ao alumnado segundo a canle de comunicación que xa teña establecida, neste caso correo electrónico. As familias serán informadas pola publicación deste documento na páxina web do centro así como por abalar móbil.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.